

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 21 DE MAIO DE 2018

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 12:10 horas do día 21 de maio de 2018, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 16 de maio (orde do día ampliado o 21 de maio), para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D^a. María Jesús Lago Rey

Vocais: D^a. Susana García Álvarez
D^a. Olga Gómez Corbal
D. José Riesgo Boluda
D. José Ángel Otero Lamas, asiste aos puntos 2 e 3 por delegación de D. Jerónimo Centrón Castaños e aos puntos 7, 8a, 8b, 9a, 9b, 10c, 10d, 11a e 11b por delegación de D. Óscar Couce Senra
D^a. María Pilar Alonso Cacheiro (asiste aos puntos 5, 10a e 10b)
D. José Ángel Hermida Fernández (asiste aos puntos 6, 8c e 9c)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas**a) Acta da sesión do 26 de abril de 2018 corrixida**

Apróbase a acta corrixida da sesión do 26 de abril de 2018 cos votos de D. Santos Héctor Rodríguez, D^a. Susana García Álvarez, D^a. Olga Gómez Corbal, D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe e D. José Riesgo Boluda.

b) Acta da sesión do 11 de maio de 2018

Non se aproba por falta de quórum.

c) Acta da sesión do 15 de maio de 2018

Non se aproba por falta de quórum.

2.- Apertura administrativa**a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización das rúas Serafín Avendaño, Roupeiro e Heraclio Botana no entorno da rúa Rosalía de Castro e García Barbón (20-441) (emenda de documentación)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen



algún conflito de intereses con algúns dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo de data 15 de maio de 2018, na mesma data, se concedeu un prazo de tres días hábiles ao seguinte licitador para que emendase a documentación persoal:

1. CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.

O anterior licitador presentou documentación dentro do prazo concedido. Logo da súa cualificación, a Mesa acorda, por unanimidade, admitir neste procedemento a CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U. por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II.

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización das rúas Serafín Avendaño, Roupeiro e Heraclio Botana no entorno da rúa Rosalía de Castro e García Barbón (20-441)

En acto público ábrese o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” dos licitadores presentados e admitidos.

A documentación presentada pola empresa CONSERNOR, S.L. non está asinada polo que non reúne os requisitos de presentación previstos na cláusula 13.3 do PCAP (“Estar asinada dixitalmente por persoa con poder de representación acreditado. Se o soporte non está asinado dixitalmente, deberá achegarse unha declaración escrita do licitador sinalando que o contido do soporte dixital aportado se corresponde coa proposición do sobre de que se trate, e deberá ser asinado por persoa con poder de representación acreditado”).

A presidenta e a secretaria asinan os dous exemplares presentados. Un deles queda custodiado pola Secretaría da Mesa e do outro exemplar darase traslado ao servizo xestor xunto co expediente.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda conceder un prazo de tres días hábiles a CONSERNOR, S.L. para que emende a documentación presentada no Sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”, presentando escrito asinado por persoa con poder de representación no que subscriba a proposición presentada na data 30 de abril de 2018 co número de rexistro de entrada 180063871. Se a empresa ten constancia de que o contido do Sobre C tamén se presentou sen asinar, poderá emendar esta circunstancia do mesmo xeito, sen que en ningún caso desvele o contido da súa oferta.

A Mesa, acorda, así mesmo, solicitar informe sobre a documentación técnica ao servizo xestor.

5.- Apertura técnica e económica

a) Procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de mantemento de aplicacións propiedade de terceiros (estatística) (8.440-113)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/04/2024 17:00	Páxina 2 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAD4F-523EB8-5C44CF-QZ4M75-RB7V4M-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Iniciada a negociación co licitador, en acto público ábrese o novo sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor e proposición avaliable mediante fórmula" presentado co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo	Prezo/hora asistencia e asesoramento	Horas/ano sen custe
1	T-SYSTEMS ITC IBERIA, S.A.U.	29.029,86 €	88,66 €	10

A presidenta e a secretaria asinan a documentación presentada.

Non asiste público á apertura.

b) Procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de mantemento das aplicacións informáticas de xestión de recursos humanos e nóminas por procedemento negociado sen publicidade (8.470-113)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Iniciada a negociación co licitador, en acto público ábrese o novo sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor e proposición avaliable mediante fórmula" presentado co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo	Prezo hora prestación asistencia e asesoramento técnico	Nº horas/ano
1	SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMÁTICA APLICADA, S.L. - SAVIA	50.500,00 €	Ratifícase na súa oferta inicial	Ratifícase na súa oferta inicial

A presidenta e a secretaria asinan a documentación presentada.

Non asiste público á apertura.

6.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de tarefas auxiliares de supervisión do funcionamento da venta ambulante nos mercadillos e outros eventos no termo municipal de Vigo (5.363-106)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Comercio e o xefe da Área de Servizos Xerais do 15 de maio de 2018, sobre as ofertas que conteñen baixas con valores



anormais ou desproporcionados e no que se indica que a empresa PILOT CCS SERVICE CONSULTANCY, S.L. achega un modelo de proposición que non se axusta ao recollido no apartado 7.B.2 das FEC do PCAP, *“xa que propón dúas porcentaxes de baixa diferentes: unha para as horas laborables diúrnas e outra para as horas festivas diúrnas, cando no modelo de proposta do prego administrativo vén recollido unicamente unha porcentaxe de redución dos prezos unitarios sen IVE de hora laboral diúrna e festiva diúrna previstos na cláusula 3.G”*.

Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda:

1. Iniciar o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP con GESA GESTIÓN DE RECURSOS NATURALES Y SERVICIOS INTEGRALES, S.L.U. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.
2. Excluir a PILOT CCS SERVICE CONSULTANCY, S.L. por apartarse a súa proposición do modelo establecido (cláusula 13.5c do PCAP), ao propoñer dúas porcentaxes de baixa diferentes: unha para as horas laborables diúrnas e outra para as horas festivas diúrnas, cando no modelo de proposta do prego administrativo vén recollida unicamente unha porcentaxe de redución dos prezos unitarios sen IVE de hora laboral diúrna e festiva diúrna previstos na cláusula 3.G e o apartado 8B das FEC do PCAP fixa como criterio de adxudicación a *“porcentaxe de redución aplicable aos prezos unitarios sen IVE de hora laboral diúrna e festiva diúrna, previstos na cláusula 3.G”*.

7.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Pintor José Frau Ruíz (4.961-440)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que o 3 de maio de 2018, en cumprimento do acordado na sesión da mesma data, se iniciou o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP cos seguintes licitadores:

1. CONSTRUCCIÓNS OBRAS E VIAIS, S.A.

Durante o prazo concedido, o referido licitador presentou documentación da que se deu traslado ao responsable do contrato.

O 15 de maio de 2018 o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais emitiu informe sobre a xustificación presentada no que conclúe *“non se pode por tanto chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 149 da LCSP para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato”*.

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, a exclusión deste procedemento do licitador que deseguido se indica, por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non telos xustificado:

1. CONSTRUCCIÓNS OBRAS E VIAIS, S.A.

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/04/2024 17:00	Páxina 4 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAD4F-523EB8-5C44CF-QZ4M75-RB7V4M-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Pintor José Frau Ruíz (4.961-440) (informe sobre C e proposta clasificación)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos o 11 de maio de 2018 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da avenida Atlántida (5.105-440) (informe sobre C e proposta clasificación)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que o 3 de maio de 2018, en cumprimento do acordado na sesión da mesma data, se iniciou o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP cos seguintes licitadores:

1. CONSTRUCCIÓNS FECHI, S.L.U.

Durante o prazo concedido, o referido licitador non presentou documentación ningunha.

A continuación, entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos o 11 de maio de 2018 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación.

c) Procedemento aberto para a contratación de servizos de exposición dun belén monumental durante a campaña do nadal 2018-2019 (5.279-106) (informe sobre B)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Comercio e o xefe da Área de Servizos Xerais o 15 e 16 de maio de 2018 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”, así como o informe de valoración da calidade artística-monumental asinado o 14 de maio pola mestra de formación de talla e escultura en madeira da Escola Municipal de Artes e Oficios.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Pintor José Frau Ruíz (4.961-440)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos o 11 de maio de 2018 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación.

b) Procedemento aberto para a b) contratación das obras de humanización da avenida Atlántida (5.105-440)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos o 11 de maio de 2018 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/04/2024 17:00	Páxina 5 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAD4F-523EB8-5C44CF-QZ4M75-RB7V4M-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

clasificación e acorda propoñer á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, a exclusión deste procedemento do licitador que deseguido se indica, por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non telos xustificado:

1. CONSTRUCCIÓN FECHI, S.L.U.

c) Procedemento aberto para a contratación de servizos de exposición dun belén monumental durante a campaña do nadal 2018-2019 (5.279-106)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe do Servizo de Comercio e o xefe da Área de Servizos Xerais o 15 e 16 de maio de 2018 de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”, así como o informe de valoración da calidade artística-monumental asinado o 14 de maio pola mestra de formación de talla e escultura en madeira da Escola Municipal de Artes e Oficios.

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de mantemento de aplicacións propiedade de terceiros (estatística) (8.440-113)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e do informe de valoración da proposición presentada, por unanimidade dos asistentes, proponse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de mantemento de aplicacións propiedade de terceiros (estatística) (8.440-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador
1	T-SYSTEMS ITC IBERIA, S.A.U.

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, T-SYSTEMS ITC IBERIA, S.A.U. , para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

b) Procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de mantemento das aplicacións informáticas de xestión de recursos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/04/2024 17:00	Páxina 6 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAD4F-523EB8-5C44CF-QZ4M75-RB7V4M-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

humanos e nóminas por procedemento negociado sen publicidade (8.470-113)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e do informe de valoración da proposición presentada, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de mantemento das aplicacións informáticas de xestión de recursos humanos e nóminas por procedemento negociado sen publicidade (8.470-113) na seguinte orde descendente:

Licitador	
1	SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMÁTICA APLICADA, S.L. - SAVIA

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMÁTICA APLICADA, S.L. - SAVIA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberá acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 6E do Anexo I -FEC- do PCAP (“o licitador deberá acreditar a propiedade do código fonte da aplicación Ginpix7”).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Pintor José Frau Ruíz (4.961-440)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta do acordo adoptado pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 15 de febreiro de 2018, polo que non se admite neste procedemento a EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L. por non ter presentado correctamente a declaración responsable incluída no Anexo II do prego de cláusulas administrativas particulares.

Segundo.- Excluir deste procedemento a CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais o 15 de maio de 2018.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/04/2024 17:00	Páxina 7 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAD4F-523EB8-5C44CF-QZ4M75-RB7V4M-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Pintor José Frau Ruíz (4.961-440) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	96,07
2	ORESA, S.L.	95,63
3	ORECO, S.A.	88,15
4	ELSAMEX, SA	86,95
5	COPCISA, S.A.	85,64
6	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	82,45
7	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	79,84
8	MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	78,79

Cuarto.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 819,64 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

d) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da avenida Atlántida (5.105-440)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta do acordo adoptado pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 19 de febreiro de 2018, polo que non se admitiu a CONSTRUCCIONES VALE, S.L. neste procedemento por ter presentado a súa proposición fóra do prazo de presentación de ofertas sen que se tivese constancia do anuncio de remisión da oferta no mesmo día da súa presentación na oficina de Correos, como esixe o artigo 80.4 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas.

Segundo.- Excluir deste procedemento a CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non presentou xustificación ningunha en prazo.



Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da avenida Atlántida (5.105-440) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	NAROM, S.L.	92,70
2	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	92,44
3	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	92,16
4	CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A.	92,08
5	ORESA, S.L.	91,92
6	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (ACEVI, S.L.)	89,60
7	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	89,44
8	COPCISA, S.A.	88,80
9	PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES S.A. (GPD CONSTRUCCIONES, S.A.)	87,98
10	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.	87,38
11	EXCAVACIONES Y TRANSPORTES BC, S.L.	86,76
12	ELSAMEX, S.A.	86,75
13	UTE EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES COVELO - SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.	85,83
14	CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	80,00

Cuarto.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, NAROM, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 1.009,84 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Purificación Saavedra (fase I), entre Sanjurjo Badía e Enrique Lorenzo (4.948-440)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/04/2024 17:00	Páxina 9 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAD4F-523EB8-5C44CF-QZ4M75-RB7V4M-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Purificación Saavedra (fase I), entre Sanjurjo Badía e Enrique Lorenzo (4.948-440)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 3 de maio de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento a CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, porque non presentaron xustificación ningunha en prazo.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Purificación Saavedra (fase I), entre Sanjurjo Badía e Enrique Lorenzo (4.948-440) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	NAROM, S.L.	94,12
2	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	93,55
3	ORESA SL	92,85
4	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU.	92,47
5	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (ACEVI)	92,41
6	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	92,05
7	ORECO, S.A.	91,35
8	PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES, S.A. (GPD CONSTRUCCIONES S.A.)	91,15
9	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A.	90,95
10	SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.	90,57
11	ELSAMEX, S.A.	89,72
12	COPCISA, S.A.	89,68
13	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	89,01
14	ROCAS GRANITICAS DEL CONDADO S.L	88,75
15	EXCAVACIONES Y TRANSPORTES BC, S.L.	87,51
16	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	83,62

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, NAROM, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.



Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.048,52 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, NAROM, S.L., o día 4 de maio de 2018, que presenta a documentación requirida o 15 de maio, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 21 de maio de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar NAROM, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por NAROM, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 5 e 24 de abril de 2018, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a NAROM, S.L. o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Purificación Saavedra (fase I), entre Sanjurjo Badía e Enrique Lorenzo (4.948-440) por un prezo total de 222.134,51 euros, sendo a cota



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/04/2024 17:00	Páxina 11 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAD4F-523EB8-5C44CF-QZ4M75-RB7V4M-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

correspondente ao IVE de 38.552,27 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Álvaro Cunqueiro fase II Corona circular exterior (5.130-440)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Álvaro Cunqueiro fase II Corona circular exterior (5.130-440)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 3 de maio de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento a COPCISA, S.A. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos o 25 de abril de 2018.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Álvaro Cunqueiro fase II Corona circular exterior (5.130-440) na seguinte orde descendente:

	LICITADORES	PUNTUACIÓN
1	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	94,77
2	HIDROMIÑO, S.L.	94,71
3	CIVISGLOBAL, S.L.U.	93,78
4	AVAN INTEGRAL, S.L.	93,36
5	MISTURAS, S.A.	93,19
6	UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - EXCAVACIONES Y TRANSPORTES M. RODRIGUEZ, S.L.	93,08
7	ORESA, S.L.	92,66
8	CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.	90,64
9	ORECO, S.A.	90,26



	LICITADORES	PUNTUACIÓN
10	DRAGADOS, S.A.	90,21
11	OGMIOS PROYECTO, S.L.	90,07
12	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.	89,55
13	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.U.	87,26
14	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	86,99
15	HORDESCON, S.L.	83,59
16	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	83,45
17	UTE ACEVI, S.L. - ALVAC, S.A.	81,97
18	SA DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	80,14
19	ELSAMEX, S.A.	79,39

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 866,02 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L., o día 4 de maio de 2018, que presenta a documentación requirida o 16 de maio, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 21 de maio de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/04/2024 17:00	Páxina 13 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAD4F-523EB8-5C44CF-QZ4M75-RB7V4M-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de datas 10 e 26 de abril de 2018, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L. o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Álvaro Cunqueiro fase II Corona circular exterior (5.130-440) por un prezo total de 1.142.399,96 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 198.267,76 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras dos murais do cuarto programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (8.845-307)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras dos murais do cuarto programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (8.845-307)

ANTECEDENTES



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/04/2024 17:00	Páxina 14 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAD4F-523EB8-5C44CF-QZ4M75-RB7V4M-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 18 de maio de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento a REFORVIGO, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificada, consonte o informe asinado pola enxeñeira industrial da Área de Fomento o 9 de maio de 2018.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras dos murais do cuarto programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (8.845-307) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	97,60
2	ACEVI SL ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	95,00
3	GROMA OBRAS, S.L.	91,99
4	SERGONSA SERVICIOS, S.L.	86,77

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). *Habilitación profesional?*
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.001,60 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A., o día 18 de maio de 2018, que presenta a documentación requirida o 21 de maio, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 21 de maio de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/04/2024 17:00	Páxina 15 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAD4F-523EB8-5C44CF-QZ4M75-RB7V4M-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 26 de abril de 2018 e 10 de maio de 2018, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. o procedemento aberto para a contratación das obras dos murais do cuarto programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (8.845-307) por un prezo total de 244.821,26 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 42.489,64 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 13:10 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

A presidenta da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/04/2024 17:00	Páxina 16 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAD4F-523EB8-5C44CF-QZ4M75-RB7V4M-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/04/2024 17:00

Páxina 17 de 17

ACTAS PERFIL CONTRATANTE

CSV: AEAD4F-523EB8-5C44CF-QZ4M75-RB7V4M-F1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>